



Asociación Faladoiros Vigo



ÍNDICE

1. Introducción	3
2. Obxectivos	3
2.1. Obxectivos xerais	3
3. Persoas destinatarias	4
4. Temporalización	5
4.1. 2020	5
4.2. 2021	5
4.3. 2022	6
5. Necesidades e recursos	6
6. Accións, medidas e actuacións concretas	7
7. Avaliación	8

1. Introducción

Faladoiros Vigo é unha asociación sen ánimo de lucro que ofrece sesións gratuítas de conversa en galego. Consiste na reunión en pequenos grupos de conversa en lingua galega. Estes grupos están compostos por xente que se expresa habitualmente en galego (voluntarios da propia organización) con outra que, por calquera motivo, non o fai habitualmente e carece de espazos de práctica na súa contorna habitual (os asistentes). Mediante unha relación cordial, créase un ambiente no que poden comunicarse con fluidez e adquirir o costume de falar en galego.

2. Obxectivos

2.1. Obxectivos xerais

- Fomentar o uso social da lingua galega. A través das sesións virtuais e sobre todo das presenciais, en lugares de fácil acceso para a cidadanía, como locais públicos de ocio, tratamos de achegar e dinamizar o uso da lingua galega cun fin lúdico a través da conversa informal.
- Contribuír á normalización da lingua galega. Os Faladoiros naceron tras a reflexión que suscitou a situación da lingua galega no país, pero sobre todo na cidade de Vigo. As persoas que creamos esta iniciativa observamos ao noso arredor un interese crecente por parte da cidadanía de incluír o galego no seu día a día, mais faltaban espazos e persoas para que a puidese practicar. Decidimos ofrecer unha oportunidade para que, as persoas que o desexaran puidesen dispoñer dos medios necesarios para animarse a falar e incluír na súa vida cotiá a lingua galega. Do mesmo xeito, a través publicidade física e virtual, deseñamos varias campañas de captación e concienciación.
- Espallar o modelo de asociación a outras comunidades de falantes. Unha vez comprobado o éxito e boa acollida da iniciativa por parte dos asistentes e colaboradores, decidimos que o noso modelo de actuación podería ser exportado fóra da cidade de Vigo e contribuír en calquera comunidade de falantes, xa sexa nunha cidade, vila, barrio, agrupación etc.

2.2. Obxectivos específicos

- Dotar dun espazo de práctica e expresión en lingua galega a quen o precisara por distintas circunstancias persoais. Ofrecemos gratuitamente dous tipos de espazos: o presencial e o virtual. O primeiro sitúase en dous cafés da cidade de Vigo, o *Café De catro a catro* e o *Café Uf*. O espazo virtual sitúase na plataforma Jitsi, de acceso totalmente gratuito. Os

asistentes poden inscribirse en calquera das súas modalidades indistintamente e mudar entre elas a medida que o precisaren.

- Contribuír ao desenvolvemento da competencia oral en lingua galega das persoas asistentes. Cremos que a través da práctica da oralidade, nun ambiente distendido e a través da guía de persoas expertas en lingua, os asistentes poden mellorar notablemente a súa fluidez e competencia oral. Para isto empregamos diversas técnicas de guía na conversa, ofrecemos temas diversos para ampliarmos o vocabulario e achegamos explicacións e correccións lingüísticas se fosen precisas.
- Favorecer a súa autoconfianza á hora de empregaren o galego en calquera ámbito da súa vida diaria. As experiencias de persoas que teñen incorporada a lingua galega no seu día a día ou daquelas que nalgún momento foron neofalantes, serven de axuda e apoio a aquelas que se achegan por primeira vez aos nosos encontros. A cooperación entre voluntarios/as e asistentes ás sesións é piar fundamental para crear un clima de confianza, así como achegar ferramentas para desbotar prexuizos lingüísticos e sociais.

3. Persoas destinatarias

Os Faladoiros están destinados ao público en xeral, mais sobre todo a aquelas persoas, galegas ou non, adultas que precisen e procuren un espazo no que practicar a lingua galega. Acollemos tanto persoas que acaban de iniciarse na lingua, como aquelas que xa teñen como lingua propia e procuren axudar coa súa experiencia ás primeiras.

Os Faladoiros presenciais están pensados como un encontro entre os voluntarios e os participantes nun ambiente distendido no que falar de calquera tema que xurda durante a conversa.

Os Faladoiros virtuais están dirixidos a persoas que non se atopan na cidade de Vigo, ou que non poidan desprazarse ata os lugares habituais de encontro, e así dispoñan dun espazo virtual para reunírense. Así, moitas das persoas que asisten a estes faladoiros a través de internet, son persoas que se atopan na diáspora, moitos deles pertencentes á comunidade galega de latinoamérica; mais non só. Grazas á conexión por videochamada, calquera pode conectarse, previa inscrición, ás nosas sesións dúas veces á semana.

4. Temporalización

4.1. 2020

Inicio do proxecto e das sesións presenciais

No verán de 2020 nace en Vigo a Asociación Faladoiros Vigo. Esta agrupación comezou tras o período de confinamento por causa da pandemia. A primeira sesión celebrouse o 30 de setembro de 2020 no *Café De catro a catro* na cidade de Vigo.

Inicio das sesións presenciais

Debido ao impedimento de reunirmonos de maneira presencial, decidimos abrir outra ventá a través de internet. Os Faladoiros virtuais tiveron moi boa acollida, tanto polos asistentes residentes no país como aqueles que se achegaron alén das fronteiras físicas.

4.2. 2021

Inscripción como asociación

En maio de 2021 concluímos o proceso para converter o proxecto nunha Asociación a través da inscrición no Rexistro de Asociación da Xunta de Galicia.

O proxecto consolídase e comezan a chegar os primeiros recoñecementos públicos da man de varios xornais e portais informativos, como o *Nós Diario*¹, *A Movidada Vigo*², *Faro de Vigo*³, *NeoFalantes*⁴ ou o programa *Fun polo aire* (TVG).

Intervencións estelares

Nos meses de maio de xuño de 2021 contamos nas sesións virtuais coa colaboración de Kike Estévez Hernández, docente e experto en improvisación oral en lingua galega; e tamén con Gonzalo Navaza, escritor, tradutor e erudito das nosas letras.

Roteiros

O 11 de xuño organizamos o roteiro “Mitos e lendas” pola cidade de Vigo da man de Borja Concheiro e *Free Tour Vigo*. Este roteiro realizouse para os asistentes e colaboradores do proxecto co ánimo de coñecermonos máis e tamén a zona histórica da cidade.

¹ <https://www.nosdiario.gal/articulo/lingua/marcos-loureiro/20210510212237121240.html>

² <https://amovida.gal/que-tal-desde-agora/>

³ <https://www.farodevigo.es/ocio/agenda/faladoiros-galego-ingles-frances-59900545.html>

⁴ https://neofalantes.gal/2022/falao-ti-que-podes-a-iniciativa-que-reune-a-galegofalantes-arredor-do-mundo/?fbclid=IwAR3j3fVLMuMSh0j4lef8bBuFEJ9gJVya60xBxI8KNnNa_Yb5nFAR3bm0Ds

Primeira avaliación do proxecto

En xullo de 2021 convocamos a primeira asemblea oficial para avaliar o proxecto e iniciar novas metas de cara á temporada seguinte. Deste primeiro encontro tiramos varios datos destacados: 11 meses de faladoiros, 110 sesións virtuais, 19 sesións virtuais, máis de 140 horas de conversa en galego e ducias de asistentes de máis 20 nacionalidades distintas.

4.3. 2022

Consolídase e espállase o proxecto

En marzo de 2022, despois do éxito dos faladoiros presenciais con unha sesión semanal no café *De catro a catro*, iniciamos outra sesión presencial mensual no café *Uf*.

Fálao, ti que podes

O 18 de maio lanzamos unha campaña chamada *Fálao, ti que podes*. Esta campaña consistiu en recoller testemuños de persoas que viven fóra do país e que empregan, dunha ou doutra maneira, a lingua galega na súa vida. Dende os cinco continentes recibimos un total de 35 vídeos que publicamos na nosa canle de YouTube⁵. Cada unha destas persoas conta en primeira persoa a súa experiencia co galego.

Ampliación da financiación

Entre xullo e setembro de 2022 abrimos a financiación a máis vías, ademais das achegas dos socios e socias. Creamos unha conta bancaria exclusiva para os fins da asociación, xeramos unha conta de Teaming para facilitar as donacións e, por último, iniciamos os trámites da solicitude de subvencións por parte da Deputación de Pontevedra e do Servizo de Normalización do concello de Vigo.

4.4. 2023

Propósitos do ano novo

Comezamos as sesións presenciais e virtuais de maneira habitual a partir da finalización das festas de Nadal. Ademais, este ano temos como propósito principal, ademais de manter a nosa actividade principal, elaborar unha guía de conversa que poida servir como base a outros faladoiros.

5. Necesidades e recursos

O proxecto dos Faladoiros Vigo lévase a cabo a partir de dous piares básicos: o material e o humano ou persoal.

⁵ <https://www.youtube.com/@asociacionfaladoirosvigo2791/featured>

Materiais

Os Faladoiros desenvólvense hoxe en día en dúas localizacións presenciais, no café *De catro a catro* e o café *Uf*. Estes dous locais, situados na cidade de Vigo, colaboran de maneira desinteresada con nós prestándonos o lugar para reunirmos.

Para os Faladoiros virtuais só precisamos a conexión a internet, que hoxe por hoxe se realiza dende o domicilio dos nosos voluntarios e voluntarias. Os encontros pola rede realizámoslos mediante a plataforma gratuíta *Jitsi*.

Ademais, realizamos cada temporada campañas para publicitar os faladoiros, tanto nas nosas redes sociais (Twitter, Instagram, Facebook e Whatsapp), como fisicamente. Toda a publicidade ata este momento foi deseñada, elaborada e espallada polos voluntarios e voluntarias, agás a campaña *Fálao, ti que podes* -a cal foi contratada e financiada pola asociación-.

Persoais

O factor persoal e humano é o recurso máis importante dos Faladoiros. Grazas aos voluntarios/as, colaboradores/as e donantes, puidemos edificar e manter todas as actividades e accións descritas anteriormente.

Neste momento contamos con máis de 60 socios/as e colaboradores/as e arredor de 50 asistentes ás nosas sesións (entre os que se achegan presencial e virtualmente).

Os voluntarios aportan o seu tempo e esforzo en moitos ámbitos: a xestión da asociación, as redes sociais, a publicidade, a condución das sesións presenciais e virtuais, a colaboración con outras entidades etc.

6. Accións, medidas e actuacións concretas

Faladoiros presenciais

Os Faladoiros presenciais desenvólvense todos os mércores ás 20:00h no café *De catro a catro* (Vigo) e os primeiros martes de cada mes ás 20:00h no café *Uf* (Vigo). A duración das sesións é de arredor de unha hora e media.

Estas sesións son conducidas por voluntarios da propia organización, que xestionan os temas a tratar, moderan a conversa e aclaran dúbidas lingüísticas.

Faladoiros virtuais

Os Faladoiros virtuais celébranse todos os martes e xoves ás 20:00h a través de internet, mediante un enlace enviado previamente aos asistentes anotados ás sesións.

Estas sesións son conducidas por voluntarios da propia organización, que xestionan os temas a tratar, moderan a conversa e aclaran dúbidas lingüísticas.

Campañas de concienciación

Elaboramos na temporada pasada unha campaña de concienciación sobre a importancia de espallar a lingua a través de 35 vídeos curtos que están dispoñibles nas nosas redes sociais e na canle de YouTube⁶.

Estes vídeos foron editados e montados por Pablo Kaufmann, con financiación da asociación e dos seus socios e socias.

As persoas que dan o seu testemuño sobre por que falan galego, como sinten e viven a lingua, contactaron cos faladoiros, tras solicitar mediante as redes sociais esta colaboración. O lema desta campaña é “Fálao, ti que podes!” Todos e todas son residentes fóra de Galicia e que, sendo galegos ou non, amosan o seu compromiso e amor pola nosa lingua e animan así ás persoas que viven en Galicia a continuaren ou a comezar a falala.

“Fálao, ti que podes!” foi presentado no café De catro a catro o 20 de maio de 2022 cunha gran acollida, tanto polo público presencial como nas redes sociais. Acadamos un total de 2382 visualizacións en YouTube.

Material específico

Para a condución e mediación das sesións de conversa elaboramos guías para que os nosos voluntarios poidan levar a cabo o seu traballo de maneira máis eficaz. Deste xeito, compartimos técnicas de fomento da conversa, de reparto da quenda de palabra, corrección ligüística eficaz e como manter un ambiente distendido e lúdico. Con todo, trátase de que a conversa sexa fluída e que todos os asistentes practiquen a lingua o máximo posible durante o tempo que dura a sesión.

7. Avaliación

Avaliamos o proxecto cada seis meses mediante dúas asembleas, unha no mes de decembro e outra no mes de xuño. Nestas asembleas os socios e socias avalían o realizado nos meses anteriores, confróntanse ideas de mellora e trázanse novas liñas de actuación de cara á nova temporada.

Valoración xeral da organización

Os Faladoiros Vigo levan un percorrido contínuo de case tres anos. A nosa traxectoria é ascendente dende o comezo. Agora mesmo contamos con 900 seguidores en Instagram, 1140 en Facebook, 530 en Twitter e 2380 visualizacións en YouTube.

⁶ <https://www.youtube.com/@asociacionfaladoirosvigo2791/videos>

Asociación FALADOIROS VIGO

Os asistentes ao longo da nosa historia é de máis 70 persoas de máis de 10 nacionalidades diferentes. A media de asistencia é de 6 a 8 persoas, ademais dos nosos voluntarios que conducen e moderan as sesións.